



Ciencia mariña para todos os públicos en Camariñas da man de “Mergúllate no Océano”

Domingo 3 e luns 4 de agosto instalarase na praza do mercado un recinto divulgativo promovido polo Campus do Mar que busca achegar o coñecemento do mar á sociedade.

Vigo, 31 de xullo de 2014- Camariñas recibe este domingo e luns “Mergúllate no Océano”, unha acción de divulgación científica promovida polo Campus do Mar, que se instalará na praza do mercado para achegar as ciencias e tecnoloxías mariñas á sociedade e concienciar sobre a importancia que para o progreso da humanidade teñen o coñecemento e a conservación dos océanos. Durante os dous días nos que “Mergúllate no Océano” estará na costa da Morte, os participantes poderán sentirse como auténticos científicos mariños realizando coas súas propias mans sinxelos experimentos e descubrindo como funcionan os océanos. Esta proposta divulgativa para todas as idades está promovida polo Campus de Excelencia Internacional - Campus do Mar co apoio do Concello de Camariñas e o financiamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

“Mergúllate no Océano” concébase como un recinto expositivo duns douscentos metros cadrados de extensión no que, a través de sete obradoiros, os visitantes poderán descubrir, por exemplo, de onde procede o peixe que comemos habitualmente, como funcionan as correntes mariñas, que hai nunha pinga de auga de mar, os impactos que ten a acidificación dos océanos derivada das emisións de CO₂, ou a importancia que teñen as dunas nos ecosistemas. Os monitores, expertos en divulgación, buscan en cada unha das actividades implicar ao público asistente e espertar a súa curiosidade plantexándolles pequenos retos para que, como fan día a día os investigadores, podan chegar a descubrir o funcionamento do mar e dos seres que o habitan.

Aqueles que queiran participar nesta experiencia recibirán á entrada un pasaporte que deberán ir selando en cada un dos obradoiros a medida que van completando as diferentes actividades propostas, que abranguen ámbitos tan variados como a ecoloxía, a bioloxía mariña, a oceanografía ou as tecnoloxías aplicadas ao medio mariño. Unha vez acaden todos os selos serán xa uns auténticos científicos mariños e poderán cambiar o seu pasaporte por un pequeno agasallo á saída.

Os obradoiros de “Mergúllate no Océano” estarán abertos ininterrompidamente o domingo e o luns entre as 11 e as 20:30 horas, con entrada libre para todos os interesados en aumentar o seu coñecemento sobre o medio mariño e pasar un bo rato aprendendo. Aínda que inicialmente estaba previsto que as actividades se desenvolverán sábado e domingo, a predición de continuas chuvias para o sábado obrigou a organización e concello a modificar as datas.

Camariñas constitúe a parada central desta acción que durante os meses de xullo e agosto está a percorrer por cuarto ano consecutivo diferentes vilas costeiras galegas como Vigo e Vilagarcía de Arousa, onde participaron cerca de 4.000 persoas, Viveiro e Cangas do Morrazo, dentro do programa de divulgación científica do Campus do Mar, un proxecto promovido polas Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela, o Consejo Superior de Investigaciones Científicas e o Instituto Español de Oceanografía e no que participan 25 universidades, centros e plataformas tecnolóxicas da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal con intereses na docencia e investigación mariña.

Contacto coordinación: Jorge de los Bueis – 639 539 442

Contacto comunicación: José Jato – 646 038 743